

MEMORIA

2019



Responsabilidade social | **É**tica | **T**ransparencia

Pluralidade | **P**articipación | **T**raballo en rede

Utilidade | **E**ficacia | **A**ctualización | **H**orizontalidade

ÍNDICE

Presentación	2
Estrutura do Ceesg	3
Estado da colexiación	6
Actividades	7
Liñas estratéxicas	7
Lei de Educación Social	7
Regulación da profesión	8
Emprego e empregabilidade	15
Outras accións	17
Grupos de traballo	36
aBeira [Intervención socioeducativa con familias]	36
Animación Sociocultural e Xestión Cultural	37
Diverdade [Diversidade funcional]	39
A Eira do Ceesg [Desenvolvemento comunitario e Educación ambiental]	41
Fiadeiras [Igualdade]	42
Geix [Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica]	44
Miolo [Saúde]	46
Escaravellando [Infancia e adolescencia]	47
Participación no CGCEES	48
Outras cuestións	49

Presentación

A Memoria de Actividades do Ceesg do ano 2019 recolle de xeito resumido o traballo realizado nos últimos meses a prol da nosa profesión.

Resulta difícil reflectir nunhas poucas páxinas o esforzo e dedicación investido polas persoas que formamos o equipo da Xunta de Goberno. Motivadas/os por todo o que aínda nos queda por conquistar e avanzar como profesión, continuamos traballando arredor de tres liñas estratéxicas: a regularización da Educación Social, a lei do dereito á Educación Social, e o emprego e empregabilidade.

O 2019 estivo marcado pola convocatoria de oposicións da especialidade 'Educadoras/es' da Xunta de Galicia. Algo que non acontecía dende hai trece anos. Cómpre recordar que o cambio da situación da Educación Social na Xunta de Galicia é un obxectivo prioritario marcado dende o mesmo nacemento deste colexio

profesional, mais ao ter lugar agora a convocatoria, sen atender ás peticións reiteradas dende hai tantos anos, supón reavivar o sentimento de inxustiza e de falta de recoñecemento á profesión e á titulación de Educación Social. Esta rabia quixemos facela visible este ano non só trasladándoa nos despachos e escritos, senón tamén nas rúas, nas redes sociais e recollendo sinaturas de apoio. Estamos orgullosas da resposta do colectivo profesional, e animamos a continuar neste 2020 a seguir “vestíndonos con nome e apelidos”, a facernos ver e facernos oír.

Xunta de Goberno do Ceesg

#SomosEducaciónSocial

Estrutura do Ceesg

Xunta de Goberno 2018-2022



Laura Vilaboy Romero
Presidenta
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3873



Natalia Domínguez Galán
Vicepresidenta
Área de Desenvolvemento Profesional e Área de Acción Profesional
Colexiada nº 0398



Rocío Núñez Rúa
Secretaria
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3867



Beatriz Caneda Zamar
Tesoureira
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3901



Selene Arias Sáez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 5208



Antón Bouzas Álvarez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiado nº 0968



Laura Casal Figueroa
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 0110



Sonia González Rodríguez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 3402



Belén Piñeiro Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3286



Noelia Rodríguez Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3408



Paula Varela Costa
Vogal
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3680

No ano 2019 producíronse dúas baixas na Xunta de Goberno (Yovana Miñán Castellanos e Mercedes González Pazos) e unha nova incorporación (Selene Arias Sáez)

Organigrama

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Área de Comunicación e
Participación Colexial

Área de Desenvolvemento
Profesional

Área de Acción Profesional
e Sociolaboral

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira
- A Eira do Ceesg
- Escravellando
- Ceesg en Diversidade
- Miolo
- Animación sociocultural e xest. cultural

Comisións

Ética
Regularización

Persoal contratado

Secretaría Técnica

Educadora Social

Auxiliar administrativa


Estado da colexiación

A 31 de decembro de 2019 estaban colexiadas no Ceesg un total de 923 educadoras e educadores sociais. (736 mulleres e 142 homes)


Durante o ano tramitáronse 107 altas e 48 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2018/2019 houbo 11 estudantes, e no curso 2019/2020, a data 31 de decembro, 9.

Distribución do colectivo colexiadas/os, por sexos.



Motivos das baixas colexiais.



- | | |
|-----------------------------------|-------------------|
| ■ Motivos económicos | ■ Xubilación |
| ■ Non exerce a profesión | ■ Descontento |
| ■ Traslado de comunidade autónoma | ■ Non queren |
| ■ Falta de pagamento das cotas | ■ Non especifican |

Actividades

Liñas estratéxicas 2019

LIÑA 1

Lei de Educación Social

- ⇒ Mantemento da páxina de Facebook 'Eu quero unha lei de Educación Social'.
- ⇒ Difusión da campaña entre entidades coas que mantivemos colaboración.
- ⇒ Contacto coa Fegamp para solicitar o seu apoio.



Regulación da profesión

⇒ Presentación de recursos a bases de convocatoria de procesos selectivos inxustas ou discriminatorias coa Educación Social.

Nome do posto	Entidade convocante	Acción do Ceesg
Titulado/a sup.con formación específica en drogodependencias e outras condutas aditivas	Concello de A Estrada	Recurso de reposición
Educador/a familiar	Concello de Cariño	Recurso de reposición
Educador/a familiar	Concello de Santiago	Recurso de reposición
Educador/a familiar	Concello de Toén	Recurso de reposición
Educador/a familiar	Concello de Xermade	Recurso de reposición
Orientador/a laboral	Concello de Poio	Recurso de reposición
Educador/a familiar	Concello de Carballo	Recurso de reposición
Contratación centro de menores o Seixo	Consellería de Política Social	Solicitude
Convenios para a xestión de medidas medio aberto e centro Montealegre	Consellería de Política Social	Solicitude
Educador/a social	Concello de Ourense	Recurso de reposición
Bases subvencións contratación de persoal de animación sociocultural e xestión cultural en concellos	Deputación da Coruña	Achegas. Recurso de reposición
T. M. de Servizos sociais	Concello de O Barco	Recurso de reposición
Titor/a	Deputación da Coruña	Recurso de reposición
Prazas de primeira acollida infancia	Consellería de Política Social	Solicitude
Orientador/a laboral	Concello de A Laracha	Recurso de reposición
Educador/a	Xunta de Galicia	Achegas a borrador de temario. Alegacións a borradores de convocatoria. Recurso de reposición

⇒ Reclamación ante a Xunta de Galicia e forzas sindicais da situación da profesión de Educación Social na administración autonómica.

- Xuntanza conxunta cos sindicatos con representación na Xunta de Galicia. Presentámoslle unha proposta de escrito coa suxestión de que o presenten ante a Dirección Xeral de Función Pública.
- Xuntanza aberta a educadoras/es sociais para decidir de xeito participativo as accións a levar a cabo.
- Contacto coas universidades para elaboración dun comunicado conxunto poñendo en valor a nosa profesión.
- Animar a educadoras/es sociais a escribir de xeito particular á Xunta de Galicia solicitando que as nosas demandas sexan escoitadas.
- Contacto cos sindicatos solicitando que nos teñan en conta nas vindeiras xuntanzas desta temática coa Dirección Xeral de Función Pública.
- Xuntanza coa Consellería de Política Social, na que trasladamos as nosas peticións, por ser a Consellería que ten máis persoal desta especialidade.
- Achegas ao borrador de temario da convocatoria.
- Solicitud por escrito dirixida á Dirección Xeral de Función Pública, solicitando exclusividade.
- Alegacións aos dous borradores de convocatoria da OPE.
- Alegacións á proposta de modificación da Lei de Emprego Público de Galicia.
- Solicitud aos sindicatos de que incorporen as nosas demandas nos seus escritos de alegación aos borradores de convocatoria.
- Concentracións diante das delegacións da Xunta de Galicia para facer escoitar as nosas demandas.



- Recollida de sinaturas a través de change.org para sumar apoios.
- Contratación dunha auxiliar administrativa para apoio nas tarefas derivadas da actividade relacionada coa OPE.
- Xuntanza con varios grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.
- Recurso de reposición á convocatoria de 'Educadoras/es'.
- Xuntanza coa Valedora do pobo.
- Presenza nos medios de comunicación a través da emisión de comunicados, entrevistas, artigos de opinión, etc.
- Solicitude de xuntanza co Presidente da Xunta de Galicia.
- Inicio de campaña de visibilización en redes sociais co hashtag #SomosEducaciónSocial
- Inicio da campaña 'Vístete co nome completo', coa distribución de chapas e camisetas con lemas para a visibilización da profesión.



⇒ Vixilancia do cumprimento do Decreto 99/2012, no tocante á composición dos equipos profesionais e á presenza de educadoras/es sociais nos mesmos.

- Mantemento e actualización de información sobre a composición e dotación dos equipos profesionais dos servizos sociais municipais galegos, a través do grupo aBeira.
- Inicio de accións encamiñadas a analizar e incidir na situación nas grandes cidades galegas. Na Coruña mantívose xuntanza coas educadoras sociais e trasladóuselle á concellaría competente en xuntanza presencial e por escrito a solicitude de modificación da denominación do posto de traballo. En Pontevedra e Vigo organizouse xuntanza coas educadoras sociais municipais e solicitouse cita coas concellarías correspondentes; no caso de Vigo, mantívose xuntanza cunha representante municipal.

⇒ Fortalecemento da relación coas universidades.

- Participación nas Xornadas: *E agora que, estudo ou traballo?* (UDC)
- Xuntanza co decano da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, e actualización do convenio marco de colaboración entre a UDC e o Ceesg.
- Asistencia ao acto de graduación de Educación Social das Universidades de A Coruña e de Vigo (Campus Ourense)
- Participación na III Feira de Emprego da UNED - A Coruña.
- Xuntanza coa decana da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.
- Participación nas xornadas de benvida ao alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago e da Universidade da Coruña.
- Xuntanzas en relación á creación do grao de Xestión



cultural na Universidade de Santiago.

- Asistencia ao acto de apertura do curso académico 19/20 da UNED - A Coruña.
- Presentación do Ceesg ao alumnado de 2º da USC, no marco dunha materia sobre profesionalización.
- Presentación do grupo *Fiadeiras* ao alumnado da Universidade de Santiago.
- Xornada sobre normalización lingüística *Educación Social: motor para a estima*, organizada pola Universidade da Coruña.
- Mantemento dos Puntos de Información Colexial como canles de información para o alumnado das Facultades PICS.



⇒ Desenvolvemento do convenio para prestar apoio e atención socioeducativa integral a nenas/os orfas/os a causa de violencia de xénero e ás persoas que asuman o seu coidado.

- Trasladamos á Secretaría Xeral de Igualdade a preocupación pola falta de avances na posta en marcha dos protocolos de actuación.
- Presentamos unha proposta de actuación por parte do Ceesg.



⇒ Reclamación do espazo da Educación Social no eido da animación sociocultural e xestión cultural.

- Achegas ao borrador de subvencións e recurso de reposición posterior.
- Achegas á memoria do Grao de Xestión Cultural da USC (grupo animación sociocultural e xestión cultural).
- Xuntanza co Secretario Xeral da Secretaría Xeral de Universidades, D. José Alberto Díez de Castro, e

co Director da ACSUG, D. José Eduardo López Pereira, en relación ao Grao de Xestión Cultural de Lugo (Facultade de Humanidades) e a súa Memoria de Verificación.

- Coa Vicerreitora de Titulacións e do Adxunto á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo para Estudantes, Internacionalización, Cultura e Servizos (por delegación do reitor) O asunto a tratar é o novo título de grao en Xestión Cultural e a solicitude realizada polo Ceesg ao respecto (grupo animación sociocultural e xestión cultural).

Outras accións pola regularización da profesión:

- ⇒ Xuntanza coa Confederación de ANPAS galegas para demandar conxuntamente a incorporación de Educadoras/es sociais no sistema educativo galego. Emitiuse nota de prensa conxunta.
- ⇒ Xuntanza coa Dirección Xeral de Familia e coa Dirección Xeral de Maiores. Abórdase a contratación de persoal educativo en centros de menores de xestión privada, o modelo de informe socioeducativo, a importancia e presenza da Educación Social no sector de maiores, e a incorporación da Educación Social na Historia Social Única.
- ⇒ Xuntanza cos colexios profesionais de Traballo Social e de Psicoloxía para retomar vías de colaboración.
- ⇒ Xuntanza co Colexio de Traballo Social de Galicia, para a busca de estratexias conxuntas para a incorporación de educadoras sociais e traballadoras sociais nos CIM.
- ⇒ Achegas (dirixidas ao CGCEES) para o VII Convenio Marco Estatal de Servicios de Atención a las Personas Dependientes y Desarrollo de la Promoción de la Autonomía Personal.
- ⇒ Escrito á Secretaría Xeral de Igualdade. Transmitímoslle o noso asombro ante a resolución publicada no DOG de determinadas axudas, na que se indica que o perfil de educación social non é adecuado para as tarefas de orientación laboral. Solicitamos rectificación.
- ⇒ Envío de propostas aos principais partidos políticos para os programas electorais das eleccións municipais.

- ⇒ Difusión do modelo de informe socioeducativo (ISE), enviando o modelo a todos os concellos de Galicia e aos equipos de menores das delegacións provinciais da Consellería de Política Social. Presentación ao CGCEES.
- ⇒ Achegas ao proxecto de orde de titulacións de acceso a corpos docentes, proponendo que Educación Social se inclúa como titulación habilitante para a especialidade 'Orientación educativa'.
- ⇒ Escrito ao presidente da Deputación da Coruña, poñendo de relevo o caso omiso ás peticións do Ceesg, en relación ao financiamento de persoal de animación e xestión cultural nos concellos da provincia, á situación do persoal educativo do Fogar Infantil Emilio Romay e do financiamento para a contratación de persoal de servizos sociais municipais en concellos de menos de 20.000 habitantes.
- ⇒ Xuntanza coa Consellería de Sanidade para transmitir o papel da Educación Social no ámbito da saúde e presentarlle propostas para a súa promoción neste eido (grupo Miolo)
- ⇒ Xuntanza con representantes da Sociedade Española de Coidados Paliativos (SECPAL) para trasladar a idoneidade da Educación Social neste eido e estudar vías de colaboración.
- ⇒ Inicio da difusión de fragmentos do documentario 'Fitos e feitos da Educación Social' en redes sociais, relacionados coa regularización para apoiar a reivindicación da profesión de Educación Social.
- ⇒ Xuntanza aberta para educadoras e educadores sociais interesadas no desenvolvemento profesional no ámbito da Saúde, coa intención de construír un espazo de encontro, reflexión e intercambio de experiencias sobre a educación social no ámbito da saúde.



- ⇒ Taboleiro de emprego, coa publicación de 436 ofertas de traballo que suman máis de 735 empregos.
- ⇒ Participación na xornada “*E agora que, estudo ou traballo?*” organizada pola Universidade da Coruña.
- ⇒ Descontos en academias que preparan oposicións de ‘Educador/a’ da Xunta, así como descontos noutras formacións relacionadas coa profesión.
- ⇒ Fixemos un chamamento á comunidade profesional a través das redes sociais para que acheguen ao colexio ofertas e oportunidades de emprego.
- ⇒ Cursos de formación centrados na mellora da práctica profesional:
 - Apps e autismo: tecnoloxía para pensadoras visuais, impartido por Ouvir Servizos Socioeducativos.
 - Obradoiro: Axudando ás familias a medrar ben: mediación en familias con fillas ou fillos adolescentes. Impartido pola UNAF.
 - Obradoiro: A familia reconstituída: un novo mapa de funcionamento. Impartido pola UNAF.
 - Educación e saúde mental colectiva. Repensando as coordenadas socioeducativas para navegar no campo da loucura. Impartido por Miguel Salas Soneira.
 - Adicción ao alcol. Estratexias na prevención de recaídas do alcoholismo. Impartido por TactoConTacto.

(*máis información na sección ‘Formación’*)

Outras accións

Publicacións

- ⇒ Constitución do consello de redacción da revista Galeduso nº 13, sobre Educación Social e Escola, e inicio da súa actividade.
- ⇒ Colaboración no libro 'La educación social ante la vulnerabilidad y el riesgo social en Iberoamérica: Infancia y género en los contextos educativos', publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, unha obra na que diversas autoras e autores expoñen as achegas da Educación Social no ámbito da infancia e xuventude e do xénero. Contribuímos co artigo 'La Educación social con mujeres vulnerables: una visión desde los colegios profesionales' (Fiadeiras)
- ⇒ Colaboración con Nova Escola Galega para a coordinación da sección 'Educación social e escola' da Revista Galega de Educación.
- ⇒ Publicación do Boletín do Ceesg ata o nº 126 (maio-xuño). Tras unha análise do seu rendemento e impacto, cancelase a súa publicación.
- ⇒ Presentación do libro 'Machismos, de Micro nada', á comunidade educativa do CEIP Sanjurjo (Fiadeiras)



Concursos

- ⇒ Resolución do 6º Concurso TFG.eduso. A categoría Educación Social Estendida quedou deserta. Na categoría Educación Social Escondida:

- Gañador **Iván Aguión Regueiro**, co traballo ‘O papel dos educadores e educadoras sociais na escola. Unha investigación dende o ámbito da orientación educativa en Ourense’, titorizado por María Dolores Dapía Conde, da Universidade de Vigo.
 - Mención especial para **Rebeca Otero Vicente**, co traballo ‘Mulleres galegas emprendedoras no eido da Educación Social’, titorizado por Laura María Varela Crespo, da Universidade de Santiago.
- ⇒ Promoción do concurso Memorial Toni Julià, intentando incentivar a participación ao establecer premios para os proxectos que superasen a fase autonómica.

Sensibilización

- ⇒ Folga Feminista do 8 de marzo.
- ⇒ 25N, En negro contra as violencias.
- ⇒ Adhesión ao manifesto ‘Migración e crise humanitaria no Mediterráneo’.
- ⇒ Adhesión ao Movemento polo clima.
- ⇒ Comunicado polo Día Internacional das Persoas Maiores (Geix).
- ⇒ Comunicado polo Día Mundial da Saúde Mental (Miolo).
- ⇒ Apoio ao peche do Servizo de Apoio Familiar Integral e multidisciplinar (SAFIM) de Ferrol, por contemplar a figura de coordinador/a parental.
- ⇒ Participación na iniciativa do CGCEES que convida a colexios profesionais e a todo o colectivo de educadoras/es sociais a facer visibles as achegas da nosa profesión en diferentes



eidos, aproveitando a conmemoración de Días Internacionais que teñen directa relación con algúns dos nosos ámbitos de traballo:

- 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres #EdusoESFeminismo
- 20 de xuño, Día Mundial das Persoas Refuxiadas #EdusoESacogida
- 20 de novembro, Día Universal da Infancia #EDUSOESinfancia
- 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación de la Violencia contra as Mulleres #Edusocontralaviolenciamachista
- 10 de decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos #EdusoESDDHH

Día Internacional da Educación Social

Participamos na celebración do DIES organizada polo CGCEES en Zaragoza, na que tivo lugar a presentación oficial do VIII Congreso Estatal de Educación Social.

En Galicia, participamos na xornada sobre normalización lingüística 'Educación social, motor para a estima', organizada pola Universidade da Coruña e asistimos a 'Ábrese o telón... e aparece Castelao', unha actividade de teatro da oprimida organizada polo alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago.



Redes sociais e páxina web

⇒ Facebook e Twitter son fundamentais como vía de difusión das actividades do colexio e doutra información de interese.

Twitter



- 941 seguidoras/es totais (a 31/12/19)
- 607 tuits en 2019.
- 345 mencións en 2019.
- 251 novas/os seguidoras/es en 2019.

Facebook



- 5643 seguidoras/es (a 31/12/19)
- 623 novas/os 'gústame' en 2019.

⇒ **Páxina web**, continuamos a traballar nunha total remodelación da web actual. Como parte integrada na web, mantivéronse as comunicacións '**Avisos en liña**', enviando un total de 108 envíos a persoas colexiadas.

Medios de comunicación

⇒ Notas de prensa:

- *A Confederación Anpas Galegas e o Ceesg solicitan a incorporación de educadoras/es sociais nas escolas e institutos.*
- *Sanidade comprométese a estudar as propostas do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.*

- *Laura Vilaboy Romero, presidenta do Ceesg: "Debemos aspirar a previr e erradicar condutas de abuso e conflito nas aulas, non só a perseguilas".*
- *Nota de prensa en contestación ás declaracións da Conselleira de Educación, Carmen Pomar, sobre a inclusión da Educación Social no sistema educativo.*
- *Xornada de reivindicación para a Educación Social.*
- *Comunicado do Ceesg sobre a OPE da Xunta.*
- *As educadoras e educadores sociais piden unha categoría propia na Xunta de Galicia.*

⇒ Comunicados:

- *Nota informativa sobre a situación do Ceesg e a Consellería de Política Social.*
- *Comunicado sobre a convocatoria de 'Educadoras/es' da Xunta.*
- *Educación Social e atención centrada na persoa (Geix)*
- *Comunicado polo Día Mundial da Saúde Mental (Miolo)*

⇒ Artigos de opinión:

- *Educación social e saúde, un binomio inseparable. Laura Casal (Miolo). Praza pública.*
- *A Educación social en pé. Laura Vilaboy. Praza pública.*
- *A Educación social en loita. Rocío Núñez. Novas da Galiza. (xaneiro 2020)*

⇒ Concedéronse 6 entrevistas a petición de diferentes medios de comunicación.

⇒ Contabilizáronse un total de 25 impactos en prensa, sen contar os artigos de opinión nin entrevistas.



Achegas a documentos técnicos e outras propostas

A maiores das achegas, recursos, etc. indicados na sección ‘Regularización’, enfocados na defensa da profesión, houbo outras accións máis encamiñadas á atención á cidadanía:

- Recomendacións sobre o acollemento de infancia non acompañada. Respondemos ao grupo En Marea á información facilitada sobre a actividade parlamentaria sobre o acollemento de infancia non acompañada. Achegamos o comunicado emitido polo CGCEES ao respecto e facemos achegas sobre cuestións a ter en conta.
- Achegas ao Borrador de Guía de Coeducación do Consello Galego das Mulleres (Fiadeiras).
- Achegas á Guía de Prevención de Violencia de Xénero nos centros educativos elaborada dende o Observatorio Galego da Violencia de Xénero (Fiadeiras).

Relacións institucionais e outras colaboracións

- Xuntanza co presidente da Deputación da Coruña para estudar vías de colaboración.
- Convenio con Discamino, para a colaboración na elaboración de artigos especializados en diversidade funcional.
- Convenio co Banco Sabadell, para ofrecer condicións vantaxosas a persoas colexiadas nos seus servizos.
- Xuntanza sobre acompañamento terapéutico para valorar posible colaboración.
- Visita a SOS Galicia, para coñecer os seus servizos.
- Visita institucional ao COEESNA.
- Colaboración con Avalon, para a difusión do filme ‘Las buenas intenciones’, a través do sorteo entradas.

Colaboracións de carácter estable

- Consello Galego de Benestar Social. Participación nos plenos.
- Foro Galego de Inmigración. Participamos nas reunións mensuais, e nas iniciativas organizadas.
- Consello Local de Inclusión Social do Concello da Coruña. Participación nos plenos.
- Observatorio Galego de Violencia de Xénero. O Ceesg forma parte do pleno como Vogal e do Subgrupo técnico de traballo (GT3) específico para a edición dunha guía de abordaxe da violencia de xénero no ámbito educativo.
- Comisión de coeducación do Consello Galego das Mulleres.
- Comisión “Género y Diversidad” do CGCEES.



Formación

Obradoiro: Bo trato e boas prácticas na atención a persoas dependentes.

VENRES 22 DE FEBREIRO	De 18 a 19:30 h.	Obradoiro : <i>BO TRATO E BOAS PRÁCTICAS NA ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES.</i> <i>Selene Arias, Educadora Social, directora de centro de día en Monforte.</i> <i>Vanessa Villar, educadora social. Edusa na Residencia da 3ª Idade "Nosa Señora da saúde"</i> <i>Mercedes González Pazos, Educadora social, funcionaria da Xunta e responsable de administración local de CCOO Valdeorras.</i> CICLO DE ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES Lugar: Aula do ciclo.
--------------------------------------	---------------------	---

Formación impartida polo **Geix** para o alumnado do IES Lauro Olmo no marco da súa XVII Semana de Educación-Empresa.

- 22 de febreiro.
- IES Lauro Olmo, O Barco de Valdeorras.

Xornadas A Renda Básica: o novo dereito social necesario.



Xornada para fomentar o debate público sobre unha Renda Básica Incondicional, Universal, Individual e Suficiente, unha idea que colle cada vez máis forza no debate social, contando con persoas expertas en materia económica, social, xurídica...

Co-organizada co Concello de A Coruña e coa colaboración do Colectivo Renda Básica de A Coruña, Universidade da Coruña e Praza Pública.

- 21, 22 e 23 de marzo.
- Centro Cívico Os Mallos e Paraninfo da Universidade, A Coruña.

Lección xitana



Acto de achegamento entre culturas co obxectivo de contribuír a cambiar a percepción que se ten do pobo xitano, ofrecendo unha visión libre de estereotipos e prexuizados, e así construír unha sociedade sen discriminacións.

Organizado polas estudantes de Educación Social que forman o **PIC da Coruña** con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano (8 de abril), coa colaboración da Fundación Secretariado Xitano.

- 9 de abril.
- Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.

Obradoiros cultura menstrual: 'Tecendo redes' e 'Somos unha, somos moitas'



Co obxectivo de buscar o autocoñecemento do propio ciclo e implementar o ciclo menstrual como ferramenta de promoción da saúde con perspectiva de xénero.

Organizado por **Fiadeiras**. Impartido por 'La caravana roja', coa colaboración do Centro Medra.

- 8 e 9 de xuño.
- Centro Medra, A Coruña.

I Encontro polo bo tato na atención ás persoas en situación de dependencia.

I ENCONTRO POLO BO TRATO
na atención a persoas en situación de
dependencia

MARTES 18 XUÑO
17:15H -19:15H
VIDA CENTRO DE
DÍA
LODEIRO -
RIBASALTAS

**PARTICIPA O
GEIX (CEESG)**
*Grupo de Estudos e
Intervención Xeragóxica*
Actividade: "Bo trato e
boas prácticas na atención
a persoas en situación de
dependencia"
Aforo limitado*

LAURA VILABOY
EDUCADORA SOCIAL E
PRESIDENTA DO CEESG
INTEGRANTE DO GEIX

SELENE ARIAS
EDUCADORA SOCIAL E
DIRECTORA DE VIDA
INTEGRANTE DO GEIX



Como acto arredor do Día Mundial de Toma de Conciencia do Abuso e Maltrato na Vellez, e coa intención de ofrecer un espazo de reflexión en torno a este tema.

Organizado e impartido polo **Geix**. Coa colaboración do centro de día Vida.

- 18 de xuño.
- Centro de día Vida, Monforte de Lemos.

Obradoiro: 'A mina contamina'



«A mina contamina»

Obradoiro de ferramentas educativas para a orfilla do extractivismo



colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia
Rúa Lisboa, 20 - baixo | Santiago de Compostela

Venres, 21 de xuño de 2019, de 17 a 20h
Inscripción gratuíta en: www.ceesg.org



Obradoiro para o coñecemento e uso dun conxunto de materiais didácticos sobre os impactos socioambientais dos proxectos extractivistas en Galicia, elaborados e editados polo Centro de Saberes para a Sustentabilidade.

Organizado por **A Eira do Ceesg**. Impartido polo Centro de Saberes para a Sustentabilidade.

- 21 de xuño.
- Sede do Ceesg, Santiago de Compostela.

Apps e autismo: Tecnoloxía para pensadoras visuais.

FORMACIÓN



APPS E AUTISMO:
TECNOLOXÍA PARA PENSADORAS VISUAIS

- TELEFORMACIÓN -

DIRIXIDO A: Profesionais que traballen con persoas con TEA, así coma familiares, persoas con TEA ou interesados na temática.

DATA: Inicio 1 de xullo, con acceso á plataforma de teleformación 24 h. / 7 días.
Remate 31 de xullo.

DURACIÓN: 20 h.

PREZOS: Cota xeral: 95 €
Cota reducida para colectivos/as Ceesg en activo: 50 €
Cota reducida para colectivos/as Ceesg en desemprego ou estudantes Amigos/as do Ceesg: 30 €

IMPARTI: Estefanía Estévez Cacheiro, educadora social de Ouvir

ORGANIZA:  

 ceesg.org | Tlf. 981552206

Curso para coñecer as ferramentas dispoñibles e saber identificar cal se adapta mellor á persoa con TEA segundo as súas necesidades, intereses e características funcionais.

Formación extraída da convocatoria de propostas formativas 2018.

Impartido por Ouvir Social.

- Do 1 ao 31 de xullo.
- Teleformación.

Obradoiro: 'Mediación en familias con fillas ou fillos adolescentes'

Axudando ás familias a medrar ben:
**Mediación en familias
con fillas ou fillos adolescentes**

OBRADOIRO gratuíto para profesionais



Santiago de Compostela
20 de setembro de 2019 (16:00-20:00 h.)

Dirixido especialmente a profesionais que traballan con familias, para sensibilizar e dar ferramentas de apoio ás familias no tránsito desta etapa do ciclo vital.

Impartido pola Unión de Asociacións Familiares.
Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

- 20 de setembro.
- Sede do Ceesg, Santiago de Compostela.

Apps e autismo: Tecnoloxía para pensadoras visuais.



Co obxectivo de difundir a especificidade e mapa de funcionamento do modelo de Familia Reconstituída entre profesionais dos ámbitos da intervención familiar e da educación e da saúde, tanto do sector público como do terceiro sector.

Impartido pola Unión de Asociacións Familiares.
Subvencionado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

- 20 de setembro.
- Sede do Ceesg, Santiago de Compostela.

Educación social e saúde mental colectiva.



Aposta pola procura da dignidade, a autonomía e calidade de vida das persoas con malestar psíquico a través da incorporación da perspectiva socioeducativa, ata agora sempre nun segundo plano.

Impartido por Miguel Salas Soneira, educador social.

- 4, 11, 18 e 25 de outubro.
- Sede do Ceesg, Santiago de Compostela.

Adicción ao alcol. Estratexias na prevención de recaídas no consumo de alcol.



Formación que nos achega aos modelos ecolóxicos e de autocontrol na prevención de recaídas no alcoholismo, ás estratexias de afrontamento na prevención e a ferramentas pedagóxicas que levan ao éxito nos procesos de cambio.

Impartido por TactoConTacto.

- 8, 15, 22 e 29 de novembro.
- TactoConTacto, Ourense.

Outras accións

- ⇒ Difusión do VIII Congreso Estatal de Educación Social, que se celebrará en Zaragoza os días 16, 17 e 18 de abril de 2020.
- ⇒ Inicio da organización da Xornada Educación social e Adiccións, que terá lugar o 13 de marzo de 2020 (Miolo)
- ⇒ Convocatoria da bolsa de formación 2020.

Colaboracións en xornadas, cursos e eventos


- 7^{as} Xornadas de interpretación e dinamización do medio rural, da Asociación Carballo Vivo.
- XV Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros, da Asociación de Veciños de Cabreiros e outras entidades.
- Congreso Internacional de Xerontoloxía e Xeriatría, da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.
- VII Invernada de cine, da Asociación de veciños de Cabreiros.
- Xornada de Experiencias culturais, organizada por alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago.



Materiais promocionais

Elaboración de calendarios 2020, libretas promocionais, chapas, bolígrafos, e camisetas.

Deseño dunha libreta exclusiva, á venda na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.



Asesoramento xurídico

O servizo xurídico atendeu 33 consultas de persoas colexiadas.

Produciuse un cambio na asesoría xurídica, de xeito que dende outubro de 2019 este servizo é prestado por ProtexDat, que se encarga tanto da supervisión xurídica do funcionamento do colexio como das consultas que precisen facer as colexiadas e colexiados dentro do seu exercicio profesional.

Tamén se encargará esta entidade do asesoramento ao Ceesg en materia de protección de datos persoais.

Email

O Ceesg ofrece a posibilidade ás persoas colexiadas de crear unha conta co dominio ceesg.org

A 31 de decembro, hai creadas **118 contas** de correo ceesg.org.

Biblioteca

O fondo bibliográfico conta actualmente con máis de 1400 exemplares entre libros e revistas.

En 2019 realizáronse 14 préstamos de exemplares.

Préstamo de instalacións

A sede do Ceesg é un espazo aberto e de encontro para a Educación Social, estando á disposición das persoas colexiadas e de entidades que poidan atopar nas nosas instalacións un recurso útil para desenvolver as súas actividades.

No ano 2019 realizouse un préstamo das instalacións a unha persoa colexiada que o solicitou.

Atención colexial e á cidadanía

Rexistráronse un total de 88 consultas, das que 54 foron de persoas colexiadas, 16 de persoas non colexiadas, 10 doutros colexios profesionais de educación social do estado, 5 de estudantes, 2 de entidades privadas, e 1 dunha administración pública .

Seguro de RC

O Colexio ofrece un Seguro de Responsabilidade Civil Profesional que colexiadas e colexiados poden subscribir de xeito voluntario, pagando unha cota anual á parte da correspondente á colexiación (que no 2019 foi de 4,50€) Formalizáronse ao longo do ano **104** subscricións a este seguro.

Peritaxe

Como cada ano, enviamos aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais. Enviamos as listaxes de 2019 en xaneiro, e a finais de ano abrimos o prazo de envío de solicitudes para as listaxes de 2020.


Produciuse unha modificación no regulamento de réxime interno que regula este proceso, para a adaptación normativa sobre protección de datos persoais.

Asemblea

O día 23 de febreiro de 2019 celebrouse en Vigo a Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg, na que se aprobaron os plans de traballo, orzamentos e memorias do colexio. Nesta data fíxose coincidir a presentación pública do modelo de informe socioeducativo (ISE)

Actos ou eventos nos que participamos:

- Acto de presentación da Guía de Esclerose Múltiple na que colaborou o Ceesg (Diverdade)
- Participación na VI Xornada Universitaria Galega en Xénero '(Re)construíndo o coñecemento'. Fiadeiras.
- Presentación do libro “Machismos, de micro nada” na Universidade de Santiago de Compostela.
- Xornada sobre normalización lingüística organizada pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña como celebración do Día Internacional da Educación Social. O Ceesg participa no faladoiro sobre educación social e lingua.
- VIII Encontro dos Servizos Sociais Comunitarios do Consorcio das Mariñas.



Actos ou eventos aos que asistimos:

- Faladoiro 'Servizos sociais en Vigo, experiencias e propostas'
- Actos da VI Semana de Loita contra as fronteiras.
- Mesa 'Fagamos da Risga un verdadeiro dereito'.
- Encontro 'Mulleres mudando a balanza'.
- Presentación do nº 72 da Revista Galega de Educación.
- Acto polo Día Mundial do Traballo Social.
- Xornada sobre desenvolvemento sostible.
- Foros A Coruña 2030.
- Seminario técnico sobre o plan de atención a persoas sen fogar.
- Presentación da Guía '*Cousas que debes saber sobre o Dano Cerebral Adquirido cando o teu familiar está no hospital*'
- Acto sobre propostas de benestar social dos partidos políticos.
- Presentación do estudo 'El impacto de la violencia de género en España: una valoración de sus costes en 2016' (Fiadeiras)
- Inauguración da Exposición *PERSOAS*.
- V desfile de moda fronte a crise.
- Xornada sobre o dano cerebral adquirido (DCA). Información e toma de decisións: unha mirada ética.
- *Ábrese o telón... e aparece Castela*.
- Xornadas de Inclusión Social do Concello de Ferrol.
- Conferencia sobre educación afectivo sexual para a prevención do abuso sexual infantil.
- Conversas sobre a renda básica: construíndo propostas para o século XXI.
- Acto polo Día Internacional pola Erradicación da Pobreza.
- Curso sobre discriminación e delitos de odio.
- Xornada sobre atención centrada na persoa en centros residenciais.
- Inauguración da Exposición da Asociación Fonte da Virxe.



Grupos de traballo

aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias.

Publicacións no Facebook do grupo sobre temas de interese relacionados coa temática da intervención socioeducativa con familias e coa Educación Social.

Envío do ISE ás Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e aos concellos galegos.

Inicio de elaboración de listado de Educadoras/es sociais nos SEAF (Servizos de Educación e Apoio Familiar) e Xefaturas Territoriais para traballo en rede do ISE.

Presentación do modelo ISE (informe socioeducativo) na Asemblea do Ceesg 2019.

Reivindicación de incorporación na Historia Social Única dun módulo de Desprotección Infantil (actualmente no SIUSS) e incluír o modelo ISE en ambos.

Apoio ao Ceesg nas accións para acadar unha Lei de Educación Social.



Xuntanzas mantidas: 2.

Integrantes (2019):

- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Ana M^a. Domínguez Márquez.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Sonia González Rodríguez.
- Estefanía Lema Moreira.
- Lucía Vázquez Vázquez.

Altas no 2019: Lucía Vázquez Vázquez.

Baixas no 2019: Non houbo.

Animación Sociocultural e Xestión Cultural

Xestións para a constitución do Grupo de Traballo.

Impulso da investigación sobre a formación e profesionalización na acción cultural pública de Galicia.

Campaña de alegacións á verificación do título oficial de Grao de Xestión Cultural da USC (Lugo); coa dinamización da campaña entre o estudantado de ES das 3 universidades galegas, profesionais en activo, etc.

Reunión coa Decana da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

Reunión coa Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia e coa ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) para tratar a memoria de verificación do título oficial de Grao de Xestión Cultural da USC (Lugo)

Reunión de GT do Ceesg para falar da situa-

ción actual do Grao de Xestión Cultural (Lugo)

Reunión cos servizos xurídicos do Ceesg para tratar a desestimación da Deputación da Coruña do recurso de reposición do Ceesg perante as Bases do Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2019 (FO206/2019), cara a valorar procedementos xudiciais na convocatoria de 2020.

Reunión coa Vicerreitoría de Titulacións da USC e co Adxunto á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo para Estudantes, Internacionalización, Cultura e Servizos para tratar a memoria de verificación do título oficial de Grao de Xestión Cultural da USC (Lugo)

Participación na concentración contra a OPE de Educadores/as en San Caetano

Colaboración coas Xornadas de Experiencias Culturais da Universidade de Santiago.

Reunión cos novos servizos xurídicos do Ceesg para analizar a situación do “ámbito cultural”: convocatoria da Deputación, formación...

Reunión co Deputado de Cultura e co asesor de cultura da Deputación da Coruña para analizar as propostas do Ceesg ás Bases do Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de Cultura en 2020.

Xuntanzas mantidas: 2.

Integrantes (2019):

- Iván García García (coordinador)
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Santiago Nieto Romarís.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Javier Riádigos Couso.
- Vanessa Otero Dios.
- Silvia Campos López.

Altas no 2019: Todas.

Baixas no 2019: Non houbo.

Ceesg en Diverdade, grupo de traballo sobre Diversidade Funcional

Avance na preparación da proposta formativa: 'Tríada: Vida Independente, Diversidade Funcional e Educación Social'.

Creación dunha conta de Facebook como ferramenta de difusión, información e denuncia social en temáticas relacionadas co grupo de traballo e co Ceesg en xeral.

Elaboración de listado de entidades ligadas ao ámbito da diversidade funcional.

Dixitalización do logotipo.

Achegas para o Consello Galego de Benestar Social sobre a prestación de Asistencia Persoal.

Presentación da 1ª edición da guía de Esclerose múltiple, na que o grupo, coa colaboración doutra colexiada desenvolveu un dos seus capítulos.

Participación no Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria, impartindo o obradoiro 'Envellecemento



activo e diversidade funcional'

Participación na presentación da Guía de FEGADACE 'Cousas que debes saber sobre o Dano Cerebral Adquirido cando o teu familiar está no hospital'.

Participación no Día Mundial do Glaucoma divulgando o comunicado 'Glaucoma e muller', con entrevistas en varias radios estatais.

Asistencia á Xornada 'Muller, violencia e discapacidade', organizada por Acadar e a ONCE.

Colaboración con Discamino, para a redacción dun artigo sobre diversidade funcional.

Colaboración con AFEXDI para a elaboración dun material audiovisual sobre a curtametraxe ‘Tivemos pasado, temos presente e queremos futuro’.

Participación en Xunta de Goberno, facendo propostas de funcionamento de grupos de traballo, protocolos de actuación, etc.

Inicio da elaboración dun mapa de dilemas/controversias, sobre asistencia sexual, institucionalización e feminismo.

Proposta de artigo para Galeduso sobre ‘A intervención e estruturación no tempo de recreo en centros con alumnado con TEA’.

Participación na Mesa-debate organizada por Contorna Social, na que os grupos políticos da cidade de Vigo presentaron os seus programas en materia de benestar social.

Xuntanzas mantidas: 4.

Integrantes (2019):

- Estefanía Estévez Cacheiro (coordinadora)

- Paula Varela Costa (coordinadora)
- Noelia Parente Vieites.

Altas no 2019: non houbo.

Baixas no 2019: non houbo.

A Eira do Ceesg, Grupo de traballo sobre Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental

Participación en encontros, cursos, xornadas e outros eventos organizados por entidades afíns:

- Curso internacional de Educación Ambiental.
- IX Encontro 'O rural quere xente'.
- Xornadas sobre consumo responsable 'Enraizar nas persoas'.
- Presentación do libro 'Árbores que non arden' do Proxecto Batefogo.
- Presentación do libro 'Mapa ecosocial de Galicia'.

Busca de cursos, lecturas e outros recursos formativos. Asistencia a unha formación interna para o manexo e mantemento da plataforma rizomas.info.

Publicación na revista RES do artigo 'A Eira do Ceesg: un lustro habitando la intersección entre la educación social y la educación ambiental.

Autocoidado do grupo, potenciando momentos de lecer que fortalezan as relacións entre as compoñentes.

Presentación da cartografía dixital na cal participamos na súa elaboración no 2018 (rizomas.info) durante o IX Encontro 'O



Rural quere xente'

Participación na xuntanza informativa sobre os procesos selectivos de 'Educador/a' da Xunta.

Colaboración nas tarefas de difusión da campaña polo recoñecemento profesional da Educación Social na Xunta de Galicia, 'A miña profesión ten nome: Educación Social', e participación nas mobilizacións convocadas.

Xuntanzas mantidas: 2.

Integrantes (2019):

- Enma Alcaide Ucha.
- Kylyan Marc Bisquert i Pérez.
- M^a del Valle Marcos García-Conde.
- Nereida Rivero Cruz (coordinadora)

Altas no 2019: non houbo.

Baixas no 2019: non houbo.

Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade

II Conversas feministas Fiadeiras. A literatura como ferramenta para a Educación Social.

Obradoiros de cultura menstrual.

Participación na Manifestación unitaria polo Día Internacional das Mulleres.

Análise dos planos de estudo das universidades galegas, para coñecer o peso da Igualdade nos mesmos.

VIII Acto de aniversario Fiadeiras.

Representación do Ceesg no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Grupo de Traballo 3 “Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo” e Subgrupo técnico 3.

Representación do Ceesg na Comisión de Coeducación do Consello Galego das Mulleres.

Proposta peche do Ceesg o 8 de marzo, como apoio a folga convocada.

Presentación de póster na VI Xornada Universitaria Galega en Xénero: (RE)construíndo o coñecemento, organizadas polo XUGEX. Título: A integración do enfoque de xénero nos estudos de Grao en



Educación social nas Universidades galegas.

Presentación do Grupo Fiadeiras e do Ceesg nunha materia no grao de Educación social da Universidade de Santiago.

Presentación do Grupo Fiadeiras (libro e protocolo de comunicación) e do Ceesg. ANPA Sanjurjo Carricarte. 5 de novembro. A Coruña.

Xuntanzas mantidas: 4

Integrantes (2019):

- Eva Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández (coord.)
- Tania Merelas Iglesias.
- Maite Sío Docampo
- Isabel Taboada Mougán.

Altas no 2019: non houbo.

Baixas no 2019: Maite Sío Docampo.

Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

Contactos en relación á creación da categoría de educador/a social no convenio colectivo de residencias privadas de persoas maiores en Galicia.

Continuidade na Comisión de Envellecemento Activo do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais.

Colaboración na charla do Ciclo Medio de Atención a Persoas Dependentes, co título “Boas Prácticas e Bo trato a persoas dependentes”, en Vilalba e O Barco de Valdeorras e no Centro de día Vida de Monforte de Lemos.

Conmemoración do 1 de Outubro (Día das Persoas Maiores) co deseño dun tríptico sobre a Educación Social e a Atención Centrada na Persoa, enviado a entidades do ámbito de maiores e Administración Pública.

Colaboración co Congreso da SGXX de Pontevedra, propoñendo a unha colaboradora do Geix e apoiando á compañeira do GT Diversidade no deseño do seu obradoiro “Persoas maiores e Diversidade Funcional”.

Mantemento do Facebook.

Achegas aos contidos do VIII Congreso de Educación Social.



Preparación da formación sobre ‘Mapa de recursos’

Non se mantiveron xuntanzas .

Integrantes (2019):

- Selene Arias Sáez
- Montserrat García López
- Mercedes González Pazos
- M^a Esther Pérez Enríquez
- Aurelio Prado Rodríguez (coordinador)
- Laura Rodríguez Bouza
- Mónica Serrano Soto (coordinadora)
- Laura Vilaboy Romero
- Vanessa Villar Armada

Incorporacións no 2019: Non houbo.

Baixas no 2019: Non houbo.

Miolo, Grupo de Saúde

Creación dun logotipo que nos representa.

Mapa de recursos “Educación Social e saúde” (a través dunha enquisa) para coñecer a situación da nosa figura profesional no eido da saúde (saúde mental e adiccións)

Apoio nas accións levadas a cabo en relación á Lei Galega de Educación Social.

Proposta dun II encontro/café “Educación Social e Saúde” coa Educadora Social Laura Ruíz presentando o seu traballo sobre a Educación Social no eido da saúde.

Comunicado polo Día Mundial da Saúde Mental.

Xuntanza co Director de Atención Sanitaria do Sergas.

Planificación da I Xornada adiccións en colaboración coa UDC e a área de formación.



Integrantes (2019):

- Sara Alba Gómez.
- Laura Casal Figueroa.
- Rocío Núñez Rúa.
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.

Incorporacións no 2019: Sara Alba Gómez, Daniel Alves Rivera.

Baixas no 2019: Daniel Alves Rivera.

Escaravellando, Grupo de traballo sobre Infancia e Adolescencia

O grupo Escravellando mantívose sen actividade durante o ano 2019.

Integrantes (2019):

- María Quintas Sotelo (coordinadora)
- Beatriz Caneda Zamar.
- José Luís Carballo Iglesias.
- Noemí Blanco Souto.

Altas no 2019: non houbo.

Baixas no 2019: non houbo.



GRUPO DE TRABALLO SOBRE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Participación no CGCEES

- ⇒ Coordinación do Comité de Comunicación e dos Referentes desta área, que celebraron unha xuntanza presencial e varias virtuais ao longo do ano.
- ⇒ Participación nas Asembleas ordinaria e extraordinaria e nas Xuntas de Goberno.
- ⇒ Achegas para o VII Convenio Marco Estatal de Servicios de Atención a las Personas Dependientes y Desarrollo de la Promoción de la Autonomía Personal.
- ⇒ Presentación ao CGCEES do ISE.
- ⇒ Participación nunha xuntanza co Consejo General de Psicología.
- ⇒ Participación no encontro de secretarías técnicas dos colexios do CGCEES.
- ⇒ Participación na Comisión “Género y Diversidad”.
- ⇒ Participación na “Comisión Permanente de Envejecimiento Activo, Aprendizaje a lo largo de la Vida e Intergeneracionalidad”.



Outras cuestións

Retribucións dos membros da Xunta de Goberno

Ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe das cotas colexiais

Cota de alta:

- No 1º ano dende a obtención do grao: 15€
- No 2º ano dende a obtención do grao: 35€
- A partir do 2º ano dende a obtención do grao: 65€

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 72,76€
- Bonificada por desemprego: 36,38€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 54,57€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007.

Actualización automática das cotas de mantemento colexial anualmente segundo o IPC aprobada en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017.

Cotas de amigas/os do Ceesg: 20€ por curso académico, segundo o aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2012.

Procedementos informativos e sancionadores

Non houbo

Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras

Non houbo

Cambios no contido do código deontolóxico

Non houbo



ceesg.gal